



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOUS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

**Expte: 2023/G007/000007**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos, do día dous de marzo de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 81 de de data 22 de febreiro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e dona Jessica Sabín Fernández. Non asiste e excusa a súa asistencia don Alejandro Antonio García Sousa. Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro .

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 23.02.23 (ORDINARIA) .-**

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 23.02.23 queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistente á mesma).

### **2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN PAI. ANO 2023.-**

#### **PROPOSTA DE ALCALDIA PARA ELABORACION E IMPLANTACION DO PLAN DE AUTOPROTECCION DO PUNTO DE ATENCION A INFANCIA:**

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a elaboración e implantación do Plan de Autoprotección do Punto de Atención á Infancia, vista a retención de crédito correspondente e visto o informe técnico do departamento de servizos sociais, que di o seguinte:

Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116), traballadora social do departamento de

servizos sociais do Concello de Valdoviño, en relación á elaboración e implantación do Plan de Autoprotección do Punto de Atención á Infancia,

**INFORMO:**

**PRIMEIRO:** a necesidade e obrigatoriedade da elaboración e implantación do Plan de Autoprotección no Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño fundaméntase na seguinte normativa de aplicación:

- ✓ Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- ✓ Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, pola que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- ✓ Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que aproba o Código Técnico de Edificación.
- ✓ Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que aproba a Norma Básica de Autoprotección.
- ✓ A Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galiza.
- ✓ O Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.

**SEGUNDO:** O Decreto 329/2005, de 28 de xullo, establece no artigo 20.4.g, referido a requisitos comúns dos centros de atención á infancia, que “*o centro disporá dun plan de actuación para casos de emerxencia y terá un plano de evacuación en cada unha das dependencias, segundo o esixido pola normativa vixente*”.

**TERCEIRO.** Con data de 21 de febreiro de 2020 realizouse a completa implantación do Plan de Autoprotección no Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño, cunha vixencia de 3 anos; polo que é preciso iniciar o procedemento para elaboración e implantación dun novo Plan de Autoprotección.

**CUARTO.** A elaboración e implantación será a cargo da mesma empresa que o realizou no ano 2020, Previnem, e o seu custo é de 907,50 euros.

**PROPOÑO**

A contratación do Plan de Autoprotección do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño a través da entidade Previnem por valor de 907,50 euros, cunha vixencia de tres anos dende a súa implantación.

Iniciar o correspondente trámite de retención de crédito previo á aprobación en XGL.

**PROPOÑO:**

A aprobación en Xunta de Goberno Local da contratación da elaboración e implantación do Punto de Atención á Infancia para os próximos tres anos, a favor da entidade Previnem por importe de 907,50 euros.

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.

O Alcalde”

**Logo de ver a proposta de Alcaldía anteriormente reproducida, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos 5 membros que a compoñen) acordou a súa aprobación.**

**3º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/4.-**

**EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000019****PROCEDEMENTO: OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 02/2023**

## PROPOSTA DA ALCALDÍA:

“Resultando que por parte da Intervención Municipal emitíuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva nº 02/2023 (EMP 16/2023) con data 27/02/2023 en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI- relativo ao gasto seguinte:

Natureza do gasto	Gastos incluídos na relación de facturas F/2023/4 (incorporada ao expediente)
Datos da relación de facturas	Integrada por un único xustificante de gastos de data 21 de febreiro de 2022 de ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL, por importe de 19.626,00 €
Nº e data de rexistro	Rexistro nº F/2023/415 de data 14/02/2023
Organo xestor	Alcaldía
Importe	12.500,00 €
Organo competente	Alcaldía

Resultando que o informe emitido pola Interventora remitiuse ao Órgano Xestor dos Gastos, que informou en data 27/02/2023 o seguinte:

“(…)

**PRIMEIRO.-** De conformidade co sinalado no artigo 213 do Real Decreto Legislativo 2/2004, a función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos das entidades locais e dos seus organismos autónomos que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos, as obrigas e gastos de contido económico, e os ingresos e pagos que daqueles derívense, así como a recadación, investimento e aplicación, en xeral, dos caudais públicos administrados, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

No entanto, en materia de gastos, hai que ter en conta que, de conformidade co artigo 219 do RD 2/2004, non estarán sometidos a intervención previa os gastos de material non inventariable, contratos menores, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións, así como outros gastos menores de 3.005,06 euros que, de acordo coa normativa vixente, fáganse efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa.

Polo tanto, calquera gasto distinto dos anteriores requirirá de informe do órgano interventor preceptivo e previo á aprobación do gasto, tal e como establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

**SEGUNDO.-** Tal e como dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, nos supostos nos que a función interventora fose preceptiva e se houbera omitido, non se poderá recoñecer a obriga, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión.

En ningún caso a natureza deste informe terá o carácter de fiscalización, debendo poñer en coñecemento a omisión da función interventora con respecto á autoridade que iniciase aquel emitindo o mesmo tempo opinión respecto da proposta, a fin de que, unido este informe ás actuacións, poida o Presidente da entidade local decidir se continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Cando a omisión da función interventora se refire ás obrigas ou gastos cuxa competencia sexa do Pleno, o presidente da entidade local deberá someter a decisión do Pleno se continua o procedemento e as demais actuacións que no seu caso, procedan.

**TERCEIRO.-** De conformidade co sinalado no artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno local – RCI-, o informe de omisión da función interventora deberá poñer de manifesto como mínimo os seguintes extremos:

**a)** Descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, facendo constar, polo menos, o órgano xestor, o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica, a data de realización, o concepto orzamentario e exercicio económico ao que se imputa.

**b)** Exposición dos incumprimentos normativos que, a xuízo do interventor informante, producíronse no momento en que se adoptou o acto con omisión da preceptiva fiscalización ou intervención previa, enunciando expresamente os preceptos legais infrinxidos.

**c)** Constatación de que as prestacións foron levadas a cabo efectivamente e de que o seu prezo se axusta ao prezo de mercado, para o que se terán en conta as valoracións e xustificantes achegados polo órgano xestor, que haberá de solicitar os asesoramentos ou informes técnicos que resulten precisos a tal fin.

**d)** Comprobación de que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

**e)** Posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de se se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para iso, terase en conta que o resultado da revisión do acto materializárase acudindo á vía de indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor ou de incumprir a obriga ao seu cargo, polo que, por razóns de economía procesal, so sería pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións fose inferior ao que se propón.

**CUARTO.-** A esta intervención remitiuse en data 27/02/2023 proposta de alcaldía, ós efectos de recoñecemento da obriga e ordenar o pago por importe de 19.626,00 €, correspondente o importe total da relación de facturas nº F/2023/4 incorporada ao expediente, e que está integrada xustificante de gasto de data 21 de febreiro de 2022 de ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL, por importe de 19.626,00 €

Realizadas as oportunas comprobacións destacase o seguinte: **procedeuse a comprometer os gastos, sen fiscalización da intervención municipal**, tal e como existe o art. 7.1 a) Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e o art. 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Polo tanto, o gasto descrito anteriormente foi disposto sen que se remitira a esta Intervención para o trámite de fiscalización e intervención previa, sendo o citado informe de Intervención preceptivo e previo.

**QUINTO.-** Do transcrito artigo do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI, hai que sinalar as seguintes consecuencias:

a) Tendose omitido a fiscalización previa preceptiva, prodúcese a suspensión da tramitación do gasto, de tal maneira que non se pode recoñecer a obrigación, nin tramitar o pagamento, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos termos que se dirá.

b) Esta intervención remitira o presente Informe ás Autoridades que xestionaron o gasto, coa finalidade de que unido este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir se continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

c) O presente informe non ten natureza de fiscalización, polo que non é de reparo.

d) A descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, como o órgano xestor, o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica, a data de realización, o concepto orzamentario e exercicio económico ao que se imputa, detállase na relación de facturas nº F/2023/4 por importe total de 19626,00 €, incorporada ao expediente, e que está integrada pola xustificante de gasto de data 21 de febreiro de 2022 de ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL, por importe de 19.626,00 €

<b>Órgano xestor</b>	<b>Exercicio</b>	<b>Aplicación</b>
Alcaldía	2022	922-46600
<b>Obxecto do gasto</b>	<b>Data de realización</b>	<b>Natureza xurídica</b>
ACHEGA A ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL	21/02/2022	Transferencia corrente

e) Respecto á exposición dos incumprimentos normativos, estos consisten en:

∟ A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado e suficiente á natureza do gasto ou obrigación que se propoña contraer: cúmprese.

∟ Que os gastos ou obrigacións propóñense ao órgano competente para a súa aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obrigación: consta.

∟ A competencia do órgano de contratación e en xeral do que pronuncie o acto administrativo, cando este órgano non teña atribuída a facultade de aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obrigación que se trate: o órgano competente para a súa aprobación é a Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía mediante resolución nº 229/2019 de 25 de xuño).

∟ Que os expedientes de compromiso de gasto responden a gastos aprobados e, non seu caso, fiscalizados favorablemente. Así mesmo, nos expedientes de recoñecemento de obrigacións, que os mesmos responden a gastos aprobados e comprometidos e, no seu caso, fiscalizados favorablemente: **non consta fiscalización de Intervención dos gastos.**

∟ Polo que respecta á aportación municipal para a xestión do Xeoparque segundo o acordo acadado na Asemblea Ordinaria de 21 de febreiro de 2022 polo que afecta ás achegas económicas dos concellos integrantes tamén se trata dun gasto corrente neste caso a favor doutros entes para as que na intervención municipal non consta tramitación administrativa previa para a dotación económica coa finalidade de dotar crédito adecuado e suficiente para sufragar as diferentes anualidades.

∟ Segundo o establecido na BEO nº 20 do Concello de Valdoviño para 2023:

“(…) Será de aplicación o informe do Tribunal de Cuentas do estado núm. 1415 “ de data 22/12/2020, “INFORME DE FISCALIZACIÓN DE LOS EXPEDIENTES DE RECONOCIMIENTOS EXTRAJUDICIALES DE CRÉDITO APROBADOS POR LAS ENTIDADES LOCALES EN EL EJERCICIO 2018”.

Procederáse dacordo coas “Recomendacións” recollidas no apartado IV do dito informe (páxina núm. 83):

- As entidades locais deberían establecer nas bases de execución do orzamento, o procedemento de aprobación dos recoñecementos extraxudiciais de crédito, limitando a utilización dos recoñecementos extraxudiciais de crédito para a imputación ao orzamento de obrigas que, en orixe, foron indebidamente comprometidas e dean lugar a un suposto de nulidade de pleno dereito.

- As obrigas de exercicios anteriores que se comprometeron dacordo coa normativa de aplicación (ou cuxos vicios se emendaron por tratarse de supostos de anulabilidade), non deberían tramitarse como recoñecementos extraxudiciais e deberíanse levar a orzamento previa incorporación dos créditos correspondentes, segundo dispoñen os artigos 176.2.b) do TRLRHL e o 26.2.b) do RD 500/90, tramitándose en caso de ser necesario a correspondente modificación de orzamentaria.

Establece o dito informe na súa páxina 19 apartado II.1.1, que se consideran debidamente comprometidos os gastos nos que se produciron algunha ou varias das seguintes circunstancias:

- Facturas presentadas fóra de prazo.

- Retraso na tramitación do expediente, ben como consecuencia de demoras da propia entidade local ou derivado de defectos que non conlevaban a nulidade de actuacións e foron subsanados.

- Expedientes con omisión de fiscalización previa sen que concorriran supostos de nulidade das actuacións cando detectada a dita omisión, o órgano competente acordou continuar co procedemento.

Por outra parte, consideranse obrigas indebidamente comprometidas as adquiridas de xeito irregular por terse xenerado con incumprimento da normativa de aplicación. Son aquelas nas que concurre algunha ou varias das situacións seguintes na súa tramitación, sen perxuízo da efectiva realización das prestacións:

- Gastos comprometidos sen a correspondente licitación dun contrato cando éste fose preceptivo.

- Obrigas comprometidas sen crédito.

- Prestacións que exceden do obxecto do contrato que as debiera amparar e para as que non se tramitou a correspondente modificación contractual.

- Prestacións que teñen cabida nun contrato menor, pero para as que non se seguiu a tramitación prevista no artigo 118 LCSP e esta deficiencia non foi subsanada.

- Outras circunstancias polas que, a pesar de terse realizado a prestación, pero para as que non se produciu a imputación ordinaria ao orzamento e que son distintas ás que xeneran obrigas que se calificaron de debidamente comprometidas.

(...)"

- Tal e como indica o órgano xestor no seu informe do OFI 2/2023: "(...)este órgano xestor sí tivo constancia do Acordo adoptado pola Asamblea Ordinaria de 21/02/2022 relativa a achega económica dos Concellos integrantes da Asociación para 2022 e sí constatou:

O acordo polo que se determina a achega económica do Concello de Valdoviño a Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal e da que deriva esta obriga de pago e que o prezo se axusta ao de mercado xa que o importe da achega para 2022 estableceuse no dito acordo en 3 €/habitante, tendo en conta os datos do padrón a 1 de xaneiro de 2020. E vistos os datos do INE o Concello de Valdoviño contaba a 01/01/2022 con 6.542 habitantes (6.542 x 3 €= 19.626,00 €). (...)"

f) Respecto á constatación de que as prestacións se levaron a cabo efectivamente e de que o seu prezo axústase ao prezo de mercado, solicítase expresamente ao Órgano Xestor do gasto que se pronuncie sobre ambos aspectos, ben polo seu coñecemento directo, ben porque solicítase os asesoramentos ou informe técnicos que resulten precisos a tal remate.

g) Comprobase a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

h) Respecto da posibilidade e conveniencia de revisión dos actos pronunciados con infracción do ordenamento, dependerá do informe que emita o Organo Xestor a que se refire o apartado f) anterior.

Tendo en conta o Informe emitido polo Órgano Xestor no que manifesta que se realizaron as prestacións correspondentes e que se axustan ao prezo de mercado, haberá que considerar que o importe da indemnización correspóndese co importe do gasto, polo que, segundo opinión desta Intervención, non sería necesario instar revisión do acto, sendo

suficiente, a tenor do precepto transcrito, que o Alcalde acorde a indemnización polo importe do gasto.

i) Por último lembrar que o acordo favorable do órgano competente non eximirá da esixencia das responsabilidades a que, no seu caso, houbese lugar.

(..)”

Resultando que o Informe da Interventora expresamente dispón que se o Órgano Xestor manifesta que as prestacións se axustan ao prezo de mercado non sería necesario, segundo o seu parecer, instar a revisión do acto, sendo suficiente que o Alcalde-Presidente resolva sobre a aprobación da obriga polo importe do gasto.

Considerando que a non aprobación do gasto incluído na relación F/2023/4 por importe total de 19.626,00 €, incorporada ao expediente, e que está integrada Integrada por un único xustificante de gastos de data 21 de febreiro de 2022 de ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL, por importe de 19.626,00 € produciría un trastorno grave na actividade municipal que prexudicaría enormemente os intereses xerais do municipio, e en caso de non proceder ao pagamento do gasto indicado, con toda seguridade os perxudicados dirixiríase aos tribunais cumprindo cos criterios que a xurisprudencia esixe para o enriquecemento inxusto. A condena ao pagamento a cargo do Concello incluíría ademáis as custas procesais e os xuros de demora.

Dado que se constatou a prestación dos servizos ou realización dos servizos mediante o xustificante de gasto incluído na relación nº F/2023/4 conformada polo Alcalde, obriga de contribuir á xestión do Xeoparque segundo o acordo acadado na Asemblea Ordinaria de 21 de febreiro de 2022 polo que afecta ás achegas económicas dos concellos integrantes.

E comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI-, atribúe ao Alcalde a competencia para adoptar a resolución procedente. En virtude do disposto no artigo 21.1 f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, así como nos artigos 185 e 186 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais. Polo que se expuxo, **PROPONSE:**

**.PRIMEIRO.-** Ordear que se leve a cabo a tramitación da relación de facturas sinalada, F/2023/4 de un xustificante de gasto, por importe total de 19.626,00 €, incorporada ao expediente, e que está integrada por un único xustificante de gastos de data 21 de



febreiro de 2022 de ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL, por importe de 19.626,00 €

**SEGUNDO.-** Que se dea conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Asdo.- Alberto González Fernández  
Alcalde do Concello de Valdoviño”

**Logo de ver a proposta de Alcaldía anteriormente reproducida, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos 5 membros que a compoñen) acordou a súa aprobación.**

**4º.- INFORME DO DIRECTOR DA OBRA DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS EN FACHADAS E CARPINTERÍAS NO CENTRO DE SAÚDE E PROPOSTA DE ALCALDÍA.-**

En Xunta de Goberno Local de 16.02.23, acordouse solicitar ao Director da obra do Proxecto básico e de execución de obras en fachadas e carpintería no Centro de Saúde de Valdoviño, que figura como expediente de contratación núm. 2021/C003/000006; aperturandose expte para tramitar a posible resolución de contrato que figura co número 2023/C008/000003; informe no que indicase a situación actual da obra e se procede a resolución do contrato; sendolle notificado dito acordo en data 20.02.23.

En data 22.02.23 (registro entrada 202399900000298, presenta o citado informe, no que entre outras, indica que a día da data as obras non se iniciaron e que procede a resolución do contrato por parte da Administración dado o incumprimento da obriga do contrato e por tanto a demora no cumprimento dos prazos sen xustificación polo contratista.

Considerando o prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato; a cláusula 39 que nos remite aos artigos 211 e seguintes da LCSP.

Atendendo á causa sinalada no artigo 211.1.f) da LCSP, que fai referencia ao incumprimento por parte do contratista, como unha das causas de resolución do contrato.

Visto o artigo 190 da LCSP, que sinala que: “*Dentro de los límites y con sujeción a los requisitos y efectos señalados en dicha ley, el órgano de contratación ostenta la prerrogativa, entre otras, de acordar la resolución contratos administrativos y de determinar los efectos de ésta*”.

Esta Alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Tomar en consideración o informe técnico do director de obra, antes mencionado.

**SEGUNDO.-** Vistos os antecedentes expostos e de forma previa ao acordo de resolución do contrato, solicitar informe dos servizos municipais a emisión de informe xurídico sobre a posibilidade (viabilidade) da resolución do contrato e o procedemento a seguir.

*/Documento asinado polo sr. Alcalde na marxe do mesmo/*

**A Xunta de Goberno Local, toma razón do informe técnico, e logo, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos 5 membros que a compoñen) acordou a aprobación do proposto pola Alcaldía.**

**5º.- DEVOLUCIÓN DE AVAL BANCARIO RELATIVO A EXPTE DE OBRAS NÚM. 226/2003, INSTADO POLA PROMOTORA Mª CARMEN BOUZAMAYOR RIVERA.-**

PROPOSTA ALCALDÍA PRESIDENCIA:

“Vista a solicitude presentada por María Carmen Bouzamayor Rivera con D.N.I. núm. 32.591.071-W en data 28 de outubro do 2022 con número de rexistro 20220000003353 referida a devolución da garantía definitiva asociada ao Expediente de Obra 226/2003, foi emitida Providencia de Alcaldía en data 30 de xaneiro do 2023 aos efectos de incoar expediente para a devolución, no seu caso, da fianza depositada polo promotor María Carmen Bouzamayor Rivera con D.N.I. núm. 32.591.071-W por importe de TRES MIL CORENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (3.048,97 €) así como a emisión dos oportunos informes pola Tesourería municipal e o Departamento de Urbanismo do Concello de Valdoviño.

En data 30 de xaneiro do 2023 foi emitido Informe da Tesourería municipal determinando que (...) comprobada a oportuna documentación, consta depositada ante a Tesourería municipal do Concello de Valdoviño aval bancario por importe de TRES MIL CORENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (3.048,97 €) o 4 de febreiro do 2005 con referencia 32005000001 a nome de María Carmen Bouzamayor Rivera con D.N.I. núm. 32.591.071-W, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada en data 20 de febreiro do 2004.

Consta no expediente 2023/X002/000005 Informe da Oficina Técnica de Obras e Urbanismo do Concello de Valdoviño emitido en data 22 de febreiro do 2023 facendo constar que xirada visita de comprobación ao obxecto de comprobar a correcta execución das obras de urbanización se puido constatar que ditas obras no estaban executadas.

A parcela a que se refire o presente informe atópase situada en chan clasificado e cualificado segundo as NNSSPP, en vigor neste Concello como: Chan Urbano: Zona Residencial Extensiva. Así mesmo, ten acceso rodado polo seu linde oeste a través dunha pista que a día de hoxe, e segundo o Inventario de camiños de titularidade municipal do Concello de Valdoviño (aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada o 17/10/2014), é de titularidade municipal e está afectada, no seu linde este, por un vial de nova apertura recollido nas devanditas Normas.

De acordo ca licenza outorgada, as obras de urbanización situaríanse na parte de parcela afectada polo vial de nova apertura situado no linde este, superficie que é de cesión ao Concello, tal e como se recolle na “Acta de aliñacións e rasantes” de data 10/12/2004.

En relación co anterior, en data 17/04/2015 apróbanse por Acordo plenario os "Criterios interpretativos sobre a aplicación do artigo 16 das Normas subsidiarias de plan municipal de Valdoviño", onde se establece que:

“Os propietarios de edificacións con licenza municipal de obras xa concedida e construídas sobre parcelas que se atopen nesta casuística, poderán solicitar a devolución da parte proporcional do aval presentado que se corresponda coa vía de nova apertura, previa entrega no Concello do escrito reflectido no punto 1 anterior, e a condición de que as obras de urbanización expostas no punto 2 anterior atópanse totalmente executadas”.

A casuística da que se fala no parágrafo anterior correspóndese con parcelas en chan urbano nas que parte da súa superficie atópase afectada pola cesión obrigatoria para regularización de viais de nova creación contidos nas NNSSPP, os cales non teñen como soporte un camiño existente de titularidade municipal e este non se executou ao ter que realizarse a urbanización do mesmo na súa totalidade a través dun proxecto de urbanización global. A parcela en cuestión atópase dentro desta casuística dado que, segundo a licenza de obras outorgada, as únicas obras de urbanización que ten que realizar o promotor correspóndense coas do vial de nova apertura. Por tanto, deberase achegar nova Acta de cesión de terreos para viarios e compromiso de urbanización e conexión ás redes de servizos xerais.

En consecuencia, se aporta o 6 de febreiro do 2023 nova acta asinada polo promotor.

En base ao anterior, o técnico informante, no seu estrito ámbito competencial, estima procedente a devolución do aval que se solicita pola cantidade de 3.048,97 €.

Visto canto antecede e conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

### **PROPONSE**

Devolver aval bancario asociado ao Expediente de Obra 226/2003 por importe de TRES MIL CORENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (3.048,97 €) o 4 de febreiro do 2005 con referencia 32005000001 a nome de María Carmen Bouzamayer Rivera con D.N.I. núm. 32.591.071-W, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada en data 20 de febreiro do 2004.

*/Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada á marxe/”*

**Logo de ver a proposta de Alcaldía anteriormente reproducida, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos 5 membros que a compoñen) acordou a súa aprobación.**

### **6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/*